

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18539** *Real decreto 1637/2011, do 14 de novembro, polo que se establece a composición, competencias e réxime de funcionamento da Comisión Filatélica do Estado e se regulan as emisións de selos de correo e outros signos de franqueo.*

A Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, crea na súa disposición adicional cuarta a Comisión Filatélica do Estado como órgano consultivo dos ministerios de Fomento e de Economía e Facenda con funcións de consulta, asesoramento e proposta en materia de selos de correo e demais signos de franqueo.

O obxectivo da Comisión Filatélica do Estado é potenciar a comunicación, a cooperación e o intercambio de opinións no ámbito da filatelia. Deste xeito, facilítase unha canle adecuada para canalizar as peticións e propostas do sector nas súas relacións coa Administración xeral do Estado, permitindo recoller as recomendacións dos principais axentes do sector da filatelia e dos coleccionistas sobre os temas que deban incorporarse nos programas anuais de emisións de selos e demais signos de franqueo. Para tal efecto, entre os seus membros encontraranse representantes da Administración xeral do Estado e doutras institucións estatais e vogais das asociacións filatélicas máis representativas, así como un vogal designado entre personalidades de recoñecido prestixio.

A través da citada comisión, a filatelia en España debe recibir un novo impulso que coaduxo a revitalizar unha actividade que cumpre un labor de difusión tanto dos sinais de identidade culturais como dos valores cívicos que conforman a nosa sociedade e que constitúe ao mesmo tempo unha actividade económica do sector postal español.

Por iso, a emisión de selos, en canto actividade administrativa que é, debe estar regulada e suxeita á tutela da Administración pública competente. Así, o punto primeiro da referida disposición adicional cuarta da Lei 43/2010 establece que as emisións de selos de correo e demais signos de franqueo, así como a súa programación, serán autorizadas mediante resolución conxunta dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

Este real decreto consta de 19 artigos, agrupados en dous títulos, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

O título I estrutúrase en tres capítulos, que se dedican, respectivamente, a regular a composición, as competencias e o réxime de funcionamento da Comisión Filatélica do Estado.

O título II regula as características xerais das emisións de selos de correo e demais signos de franqueo así como a autorización conxunta da programación anual e das emisións polos ministerios de Fomento e de Economía e Facenda.

Na disposición adicional primeira prevese a creación do Museo «Postal do Estado», adscrito ao Ministerio de Fomento.

Na disposición adicional segunda suprímese a Comisión de Programación de Emisións de Selos e demais Signos de Franqueo e dispónse a entrega á Comisión Filatélica do Estado, a través da Subdirección Xeral de Réxime Postal, da documentación existente con anterioridade á entrada en funcionamento da citada comisión.

Na disposición adicional terceira regúlanse as condicións de emisión e de prestación do servizo de selos personalizados e na disposición adicional cuarta faise referencia ás relacións entre o operador encargado de prestar o servizo postal universal e a entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

En canto ás disposicións derradeiras, procede sinalar que a primeira se refire á adaptación da composición da Comisión por orde do ministro da Presidencia, por proposta

conxunta dos ministros de Fomento e de Economía e Facenda. A disposición derradeira segunda recolle o título competencial no que se basea esta iniciativa legislativa do Estado. A disposición derradeira terceira prevé a habilitación para o desenvolvemento normativo. A disposición derradeira cuarta recolle a inexistencia de aumento do gasto público e na disposición derradeira quinta regúlase a entrada en vigor.

Na elaboración desta disposición cumpríuse o trámite de audiencia, para o cal se solicitou informe ás institucións e organizacións máis representativas do sector. En concreto, déuselle audiencia á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S. A., á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ao organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, á Asociación de Empresarios de Filatelia e Numismática de España (ANFIL), á Federación Española de Sociedades Filatélicas (FESOFI) e ao representante de coleccionistas.

Para os efectos do artigo 24. 1 b) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, solicitouse o informe do Ministerio de Cultura e da Comisión Nacional do Sector Postal. Así mesmo, os ministerios de Fomento e de Economía e Facenda emitiron informe de conformidade co previsto no artigo 24.2 da Lei 50/1997.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Fomento e de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

TÍTULO I

**Comisión Filatélica do Estado**

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

1. A Comisión Filatélica do Estado, creada pola disposición adicional cuarta da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, é un órgano consultivo dos ministerios de Fomento e de Economía e Facenda, con funcións de consulta, asesoramento e proposta en materia de emisión de selos de correo e demais signos de franqueo.

2. A Comisión Filatélica do Estado é un órgano colexiado e está adscrita ao Ministerio de Fomento a través da Subsecretaría do departamento.

Artigo 2. *Competencias.*

Son competencias da Comisión Filatélica do Estado:

- a) Elaborar o programa anual de emisións de selos de correo e demais signos de franqueo.
- b) Propor os temas dos selos que se vaian emitir.
- c) Realizar recomendacións, emitir informe sobre propostas normativas e calquera outra cuestión que lle sometan a consulta os ministerios de Fomento e de Economía e Facenda en materia filatélica.
- d) Realizar un seguimento das emisións de selos e demais signos de franqueo efectuadas.
- e) Impulsar e coordinar fórmulas de colaboración e de cooperación con outras institucións e organismos doutros Estados no ámbito das súas competencias.
- f) Calquera outra que, en materia filatélica, lle atribúa a normativa vixente.

## CAPÍTULO II

### Composición

#### Artigo 3. *Membros da Comisión.*

A Comisión Filatélica do Estado está constituída por un presidente, un presidente adxunto, un vicepresidente, un número de vogais que non exceda de nove e o secretario.

#### Artigo 4. *Presidente e presidente adxunto.*

Corresponde a Presidencia da Comisión Filatélica do Estado ao secretario xeral técnico do Ministerio de Fomento e a Presidencia Adxunta, ao secretario xeral técnico do Ministerio de Economía e Facenda.

#### Artigo 5. *Vicepresidente.*

Corresponde a Vicepresidencia da Comisión Filatélica do Estado ao subdirector xeral de Réxime Postal.

O vicepresidente substituirá o presidente e mais o presidente adxunto nos casos previstos no artigo 12.1 e realizará cantas outras funcións lle asigne o presidente.

#### Artigo 6. *Vogais.*

1. Formarán parte da Comisión Filatélica do Estado os seguintes vogais:

- a) Un representante do Ministerio de Fomento.
- b) Un representante do Ministerio de Economía e Facenda.
- c) Un representante do Ministerio de Cultura.
- d) Un representante do operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal.
- e) Un representante da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.
- f) Un representante da Federación Española de Sociedades Filatélicas (FESOFI).
- g) Un representante da Asociación Nacional de Empresarios de Filatelia (ANFIL).
- h) Un representante dos coleccionistas, cualificado internacionalmente.
- i) Poderá nomearse un vogal entre personalidades de recoñecido prestixio no ámbito postal.

2. Os vogais a que se refiren as alíneas a), b) e c) do número anterior serán nomeados polo presidente da Comisión, por proposta dos ministerios respectivos, con categoría, polo menos, de subdirector xeral ou asimilado. Os vogais a que se refiren as alíneas d), e), f) e g) serán nomeados polo presidente por proposta daqueles a quen representen. Os vogais a que se refiren as alíneas h) e i) serán nomeados polo presidente.

#### Artigo 7. *Secretaría da Comisión.*

1. A Secretaría da Comisión Filatélica do Estado é o órgano permanente de asistencia e apoio á Comisión. O seu titular será designado polo presidente da Comisión entre o persoal da Subdirección Xeral de Réxime Postal do Ministerio de Fomento.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade será substituído pola persoa que designe o presidente da Comisión Filatélica do Estado.

2. Corresponde ao secretario o exercicio das seguintes funcións:

- a) Asistir o presidente e demais membros da Comisión na tramitación dos asuntos e na preparación das reunións da Comisión.
- b) Recibir e tramitar as solicitudes de novas emisións de selos e demais signos de franqueo directamente ou a través do operador encargado da prestación do servizo postal universal.

c) Organizar os servizos de apoio técnico e administrativo á Comisión e dirixir o rexistro, arquivo e demais servizos similares que sexan precisos para o normal desenvolvemento da Comisión e custodiar os seus expedientes e documentos.

d) Preparar os traballos da Comisión, convocar as súas sesións por orde do presidente e redactar e asinar as actas correspondentes.

e) Expedir as certificacións dos acordos adoptados pola Comisión.

f) Elaborar os estudos e informes requiridos para facilitar a toma de decisións pola Comisión.

g) Propor os proxectos de resolucións conxuntas dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda, aos que se refiren os artigos 16 e 17.

h) Coordinar os actos de presentación das emisións de selos de correo e demais signos de franqueo.

i) Tramitar e, de ser o caso, executar os acordos da Comisión.

j) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario do órgano colexiado, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O secretario é membro da Comisión Filatélica do Estado e asistirá ás reunións con voz e voto.

#### Artigo 8. *Suplentes do vicepresidente e dos vogais.*

1. O presidente da Comisión poderá designar suplente do vicepresidente entre o persoal da Subdirección Xeral de Réxime Postal. Así mesmo, poderá designar suplentes dos vogais, polo mesmo procedemento que para os titulares e entre persoas que reúnan os mesmos requisitos.

2. Os vogais titulares só poderán ser substituídos polo seu respectivo suplente.

3. Os vogais suplentes soamente poderán asistir ás sesións da Comisión en caso de ausencia ou de enfermidade e cando concorra algunha causa xustificada, de acordo co previsto no artigo 24 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 9. *Asesoramento aos membros da Comisión.*

O presidente poderá acordar a participación nas reunións da Comisión Filatélica do Estado de expertos independentes en atención ás cuestións que deban tratarse. Os expertos asistirán con voz pero sen voto.

#### Artigo 10. *Cesamento dos vogais da Comisión.*

1. Son causas de cesamento dos vogais da Comisión Filatélica do Estado as seguintes:

a) Renuncia.

b) A solicitude de quen tivese proposto o vogal.

c) Incapacidade permanente ou ter sido condenado por delito doloso.

d) A falta ou perda de concorrencia dos requisitos que determinaron a súa designación.

2. No caso de cesamento dalgún dos vogais dos referidos nas alíneas a) a g) do número 1 do artigo 6 deberá efectuarse a proposta de designación dun novo vogal ao presidente da Comisión, permanecendo en funcións o vogal saínte ata a designación daquel e como máximo durante tres meses.

## CAPÍTULO III

**Réxime de funcionamento**Artigo 11. *Funcionamento.*

1. A Comisión Filatélica do Estado funcionará en pleno.
2. A Comisión poderá constituír grupos de traballo, aos cales se lles encomendará temporalmente a realización de estudos, traballos e informes sobre asuntos de especial interese en materia de selos de correo e demais signos de franqueo, e que quedarán automaticamente disoltos unha vez que cumpran a específica función que se lles encomende.

No acto en que se acorde a constitución do grupo de traballo fixarase a composición deste, os seus obxectivos, o prazo de execución da actividade encomendada e, de ser o caso, a metodoloxía.

3. No non previsto neste real decreto será de aplicación á organización e funcionamento da Comisión Filatélica do Estado o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Convocatorias e sesións.*

1. A Comisión reunirse en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano. A convocatoria efectuarase cunha antelación mínima de corenta e oito horas respecto da prevista para o inicio da sesión, e nela expresaranse os asuntos que se van tratar e o lugar, a data e a hora da celebración. Así mesmo, a Comisión reunirse en sesión extraordinaria cando o decida o seu presidente, ou cando así o solicite a maioría dos seus membros.

Para a válida constitución do órgano será necesaria a asistencia do presidente e mais do secretario ou, de ser o caso, dos que os substitúan, e a da metade, polo menos, dos seus membros

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo presidente adxunto e, de ser o caso, polo vicepresidente.

O presidente dirixirá as deliberacións, moderará os debates, concedendo e retirando o uso da palabra, garantirá a participación de todos os membros en condicións de igualdade, mediante o respecto ao principio de contradición e ás quendas de réplica razoablemente necesarias. Así mesmo, poderá acordar a suspensión da sesión, facendo constar as causas que a determinan e a data e hora en que se retome.

2. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes. O presidente dirimirá os empates, se for o caso, co seu voto de calidade.

Artigo 13. *Deber de sixilo.*

Os membros da Comisión Filatélica do Estado e os expertos que participen nas súas reunións ou grupos de traballo estarán obrigados a gardar reserva, sixilo ou segredo sobre cantos aspectos estean protexidos pola normativa aplicable, sen menoscabo do cumprimento do deber de información coas entidades que representen.

## TÍTULO II

**Emisións de selos de correo e outros signos de franqueo**Artigo 14. *Características xerais das emisións.*

Todas as emisións de selos de correo e demais signos de franqueo respectarán as seguintes regras:

1. Non se emitirán selos que representen a imaxe de persoas vivas, salvo os que se dediquen á Familia Real.

Excepcionalmente, a Comisión poderá propor a emisión de selos que incorporen a imaxe de persoas vivas cando concorran circunstancias de índole cultural, deportiva, científica, institucional ou calquera outra análoga ás anteriores que así o xustifiquen. En todo caso, deberán respectarse as previsións establecidas na normativa en materia de protección civil de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como no resto da normativa que resulte aplicable.

2. Non se realizarán emisións de selos que representen efemérides ou celebren aniversarios de acontecementos con antigüidade inferior a vinte e cinco anos, nin se reiterarán emisións relativas a tales efemérides ou aniversarios antes de que transcorresen vinte e cinco anos desde a anterior.

3. Respectaranse as recomendacións do Código deontolóxico da Unión Postal Universal.

#### Artigo 15. *Solicitudes de emisións.*

1. Toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, a través da Secretaría da Comisión Filatélica do Estado, a emisión dun selo de correo ou signo de franqueo.

2. Toda petición deberá facerse, como mínimo, con doce meses de antelación á data proposta, se for o caso, para a súa emisión. Excepcionalmente, atendendo ás circunstancias singulares que invoque o solicitante, poderán ser aceptadas solicitudes presentadas con menor anticipación.

3. Non se tomarán en consideración as reiteracións de solicitudes denegadas ata que transcorresen polo menos tres anos desde a data da anterior solicitude. Excepcionalmente, poderán ser analizadas pola Comisión as reiteracións de solicitudes denegadas cando se aduzan novos motivos que a fundamenten.

4. En todo caso, o operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal propondrá unha relación de emisións de selos á Comisión Filatélica do Estado que dea resposta ás necesidades do coleccionismo.

#### Artigo 16. *Programa anual de emisións de selos de correo e demais signos de franqueo.*

1. A elaboración do programa anual de emisións de selos axustarase ás seguintes normas:

a) O número anual de emisións de selos e outros signos de franqueo, salvo decisión do presidente, non excederá 90.

b) O programa deberá conter as emisións de carácter fixo e as series plurianuais. Ademais poderán incluírse no programa as novas series definidas pola Comisión, as efemérides e temas de actualidade, e as peticións que a Comisión acorde atender.

c) O programa deberá recoller, para cada emisión, a súa denominación e, de ser o caso, o motivo da solicitude.

2. A programación anual de emisións de selos e demais signos de franqueo será autorizada mediante resolución conxunta dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda.

3. O operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal propondrá as datas de posta en circulación das emisións incluídas no programa.

#### Artigo 17. *Autorización de emisións.*

1. As emisións de selos de correo e demais signos de franqueo serán autorizadas mediante resolución conxunta dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda.

A citada resolución conxunta conterá, polo menos, os seguintes datos:

- a) Data da emisión, denominación da serie ou series, descrición do selo ou selos e dos outros signos de franqueo, procedemento de impresión, tipo de papel, dentado de ser o caso, formato e tamaño, valor postal, cores e número de efectos en prego e da tiraxe.
- b) Data da posta en circulación, prazo de distribución aos puntos de venda e, de ser o caso, a data de caducidade.
- c) O número de selos que quedarán reservados para promoción da filatelia á Comisión Filatélica do Estado, ao operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal, ao Museo «Postal do Estado» e ao Museo da Real Casa da Moeda.
- d) O destino que se dará ao material empregado para a impresión dos selos unha vez inutilizado.

2. Unicamente terán a consideración de selos de correo e demais signos de franqueo aqueles que fosen emitidos en cumprimento da resolución conxunta dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda que aprobe a súa emisión.

#### Artigo 18. *Deseño e fabricación de emisións.*

1. Corresponde ao operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal propor o deseño, tamaño, procedemento de impresión, tipo de papel, dentado de ser o caso, formato tipo de adhesividade, valor facial, cores, número de efectos en prego, e demais características xerais, así como a tiraxe dos selos e demais signos de franqueo e encargar a fabricación das emisións correspondentes.

2. Para tal efecto, o citado operador poderá chegar a acordos con entidades públicas ou privadas para a fabricación dos selos de correo e demais signos de franqueo, de conformidade co establecido na Lei 30/2007, do 30 outubro, de contratos do sector público, así como na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais. Para iso, este operador atenderá a criterios de capacidade técnica, de seguridade na fabricación, depósito e custodia dos efectos, de calidade artística dos deseños así como ás condicións económicas da fabricación e dos servizos complementarios que deban prestarse. Nos devanditos acordos constarán as condicións e o procedemento para a inutilización ou destrución do material utilizado para a impresión.

3. Correspóndelle igualmente ao operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal autorizar a reprodución da imaxe de selos e demais signos de franqueo, así como as condicións en que a dita reprodución se leve a cabo.

#### Artigo 19. *Deber de colaboración.*

1. Todos os axentes implicados no proceso de emisión de selos e demais signos de franqueo porán á disposición da Comisión Filatélica do Estado canta información lles solicite para cumprir cos seus labores.

2. O operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal informará a Comisión Filatélica do Estado sobre as autorizacións que efectuase de cuños especiais conmemorativos e de primeiro día de circulación e colaborará nos actos de presentación das emisións de selos de correo e demais signos de franqueo.

#### Disposición adicional primeira. *Museo «Postal do Estado».*

1. Mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Fomento e de Economía e Facenda, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, creárase, adscrito ao Ministerio de Fomento, o Museo «Postal do Estado».

2. Na citada orde determinaranse os medios persoais e materiais que deban quedar afectos ao funcionamento do devandito museo, os cales serán cedidos pola Sociedade

Estatal Correos e Telégrafos, S.A., así como os mecanismos de coordinación co Museo da Real Casa da Moeda.

Disposición adicional segunda. *Supresión da Comisión de Programación de Emisións de Selos e demais Signos de Franqueo e destino da documentación existente con anterioridade á entrada en funcionamento da Comisión Filatélica do Estado.*

Queda suprimida a Comisión de Programación de Emisións de Selos e demais Signos de Franqueo.

A Secretaría da mencionada Comisión de Programación entregará á Secretaría da Comisión Filatélica do Estado, a través da Subdirección Xeral de Réxime Postal, toda a documentación existente, física e electrónica, necesaria para o normal desenvolvemento das súas funcións.

Disposición adicional terceira. *Selos personalizados.*

Mediante resolución conxunta dos subsecretarios de Fomento e de Economía e Facenda estableceranse as condicións de emisión e de prestación do servizo de selos personalizados.

Disposición adicional cuarta. *Relacións entre o operador encargado da prestación do servizo postal universal e a entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

As relacións entre o operador postal que teña encomendada a prestación do servizo postal universal e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda estableceranse, de ser o caso, a través dos correspondentes negocios xurídicos, atendendo ao réxime aplicable ás entidades integrantes do sector público estatal, debendo ser remitidos á Comisión Filatélica do Estado.

Así mesmo, no momento da constitución da Comisión Filatélica, remitiranse a esta os acordos, programas de fabricación e, en xeral, as relacións de colaboración que estivesen vixentes entre ambas as dúas entidades no momento da entrada en vigor desta disposición.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 741/1981, do 10 de abril, polo que se regulan as competencias en materia de selos de correos, a Orde de Presidencia do Goberno, do 11 de setembro de 1981, sobre composición e funcionamento da Comisión de Programación de Emisións de Selos e demais Signos de Franqueo, a Orde do Ministerio de Facenda, do 4 de marzo de 1974, sobre autorizacións para a reprodución de selos de correo españois coas debidas garantías, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Adaptación da composición da Comisión.*

A composición da Comisión Filatélica do Estado poderá ser modificada por orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Fomento e de Economía e Facenda, sen que poida aumentarse o número de membros.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de correos.



Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízanse os ministros de Fomento e de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Inexistencia de aumento do gasto público.*

A organización e funcionamento da Comisión Filatélica do Estado non suporá aumento do gasto público, e será atendida cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Subsecretaría de Fomento.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO